

CATRO VELLÓS MARIÑEIRO

Catro vellos mariñeiros (*bis*)
todos metidos nun bote,
voga, voga mariñeiro
imos pra Viveiro,
xa se ve San Roque! (*BIS3*)

Ai la le lo, ai la la le lo
Ai la le lo, ai la la la
Ai la le lo, ai la la le lo
Ai la la le lo, ai la la la
Ai la le lo, ai la la le lo
Ai la la le lo, ai la la la

Traio sardiña e bocarte (*bis*)
tamén xurelo pequeno,
rapaciña de Viveiro
ven busca-lo lote
do teu mariñeiro. (*BIS3*)

Os mariñeiros traballan (*bis*)
de noite coa luz da lúa,
dá gusto velos chegar-e
pola mañá cedo
cheirando a frescura. (*BIS3*)

(BIS#): repítense # versos (o desta liña e mais # -1 anterior/es); por exemplo: cando apareza (BIS3) repetiranse tres versos (o desa liña e mais os dous anteriores)

TROULA DO RODABALLO

Nunha lancha de Marín
coa proa de carballo (*BIS2*)
catro rapaces da Pobra, uiaiai, uiaiai!
Roubaron un rodaballo. (*BIS2*)

**Mala chispa te coma,
mala chispa te dé,
mala chispa te traghe, uiaié!** (*BIS3*)

O patrón que os mandaba
tamén era de Marín (*BIS2*)
e díxolle ó rodaballo, uiaiai, uiaiai:
-Moito miras para min! (*BIS2*)

Levárono para a lonxa
e, con moito disimulo, (*BIS2*)
a quen llo foron vender-e? Uiaiai, uiaiai!
Á filla do Cachirulo! (*BIS2*)

E aquí remata a historia
deste peixe rodaballo, (*BIS2*)
que por non haber aceite, uiaiai, uiaiai!
houbo que comelo asado. (*BIS2*)

● CARRO

**Non canta na Chá ninguén.
Por eso o meu carro canta.
Canta o seu eixo tan ben
que a señoardade me espanta.** (BIS4)

Non hai canto tan fermoso,
fino como un asubío.
Anque é, ás vegadas, saudoso,
faise, no ar, rechouchío.

Non canta na Chá (...)

O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
Que fermosa a súa feitura!
Que lixeireza a do eixo!

As cousas vanse aledando
por onde o meu carro pasa.
Carrétame herba pró gando!
Tráeme a colleita prá casa!

Non canta na Chá (...)

Autoría: poema de Manuel María, do libro *Terra Chá* (1954), musicado por Baldomero Iglesias Dobarrio.

Cancións tiradas do libro *Polo gosto de cantar. Cantos tradicionais e de taberna. Caderno 1* (2ª edición) da Asociación veciñal da Agra do Orzán da Coruña